



SI

# Estatística da administración dixital nos concellos galegos

Edición 2022



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Xacobeo 21-22

**Edita:** Xunta de Galicia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2022

**Creative Commons Atribución – Compartir Igual 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)**

**Dispoñible en:** <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# **Estatística da administración dixital nos concellos galegos**

## **Edición 2022**

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización  
de Galicia (OSIMGA)

**Xunta de Galicia**

Consellería de Facenda e Administración Pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)  
Santiago de Compostela  
**2022**

# ÍNDICE DE CONTIDOS

|          |                                                                    |     |
|----------|--------------------------------------------------------------------|-----|
| I.       | Introdución.....                                                   | 4   |
| II.      | Servizos dixitais .....                                            | 6   |
| II.I.    | Sitio web da entidade.....                                         | 6   |
| II.II.   | Sede electrónica da entidade.....                                  | 10  |
| II.III.  | Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet ..... | 17  |
| II.IV.   | Comunicacións e participación da cidadanía .....                   | 30  |
| II.V.    | Puntos de acceso público á Sociedade da Información.....           | 37  |
| III.     | Equipamentos, aplicacións e programas informáticos .....           | 40  |
| III.I.   | Equipamento informático e de comunicación .....                    | 40  |
| III.II.  | Aplicacións, programas e plataformas informáticas .....            | 46  |
| III.III. | Identificación e certificados dixitais .....                       | 50  |
| III.III. | Medidas de seguridade informática.....                             | 55  |
| III.V.   | Incidentes de Ciberseguridade .....                                | 58  |
| IV.      | Tecnoloxías Disruptivas .....                                      | 62  |
| IV.I.    | Cloud Computing .....                                              | 62  |
| IV.II.   | Big Data .....                                                     | 66  |
| IV.III.  | Internet das Cousas.....                                           | 67  |
| IV.V.    | Robótica e Chatbots.....                                           | 71  |
| V.       | Teletraballo.....                                                  | 74  |
| VI.      | Aplicacións internas .....                                         | 79  |
| VI.I.    | Actuacións, melloras e actuacións prioritarias.....                | 79  |
| VI.II.   | Aplicacións, programas e plataformas informáticas .....            | 90  |
| VI.III.  | Barreiras á Administración dixital .....                           | 93  |
| VII.     | Conclusións.....                                                   | 97  |
| VIII.    | Metodoloxía .....                                                  | 101 |
| VIII.I.  | Ficha técnica.....                                                 | 101 |
| VIII.II. | Distribución da mostra de estudo .....                             | 102 |
|          | Índices de gráficas e táboas.....                                  | 105 |

# I. Introducción

O principal obxectivo deste informe é a análise da situación e da evolución da administración dixital nos concellos de Galicia, considerando como datos principais os relativos ao último trimestre do ano 2021, comparándoos cos datos obtidos en edicións anteriores.

Esta enquisa, elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), realizouse a través dunha plataforma web e contou coa colaboración da Oficina eConcellos de Amtega. Participaron un total de 265 concellos, subministrando a información necesaria para a elaboración deste informe.

Nesta edición, aumenta o número de indicadores ao incorporarse datos sobre a aplicación do teletraballo nos concellos, unha análise máis detallada da ciberseguridade e un estudo máis amplo das novas tecnoloxías dixitais disruptivas. Mantense igualmente respecto a edicións anteriores a análise dos equipamentos, aplicacións, servizos á cidadanía e necesidades de mellora.

Esta enquisa realízase cada dous anos. En consecuencia preséntanse datos recollidos no último trimestre de 2021 e compáranse cos datos de 2019 da anterior enquisa.

Esta operación estatística está incluída no VI Plan Galego de Estatística 2022-2026 da Comunidade Autónoma de Galicia, estando tamén incluída nas iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030).



## SERVIZOS DIXITAIS

- ☑ O principal mecanismo de autenticación para identificar aos seus visitantes empregado polos concellos galegos é o certificado dixital. No 2021, o 50,2% dos concellos con páxina web utilizan este mecanismo de autenticación, que ten un crecemento de 3,9% respecto ao ano 2019.
- ☑ Nos últimos 4 anos, os concellos con sede electrónica incrementáronse nun 22,7%. No ano 2021 a práctica totalidade (97,3%) dos concellos galegos xa dispoñen dunha sede electrónica.
- ☑ O 77,9% dos concellos ten presenza nas redes sociais, aumentando 14,9% dende a anterior edición.

## II. Servizos dixitais

Neste primeiro capítulo preséntanse os resultados sobre o uso dos servizos dixitais nos concellos de Galicia. A información neste capítulo divídese en cinco bloques onde se presentan (1) os datos relativos á páxina web da entidade e as súas características, (2) a información correspondente á sede electrónica, (3) os procedementos e trámites que se poden realizar a través de Internet, (4) as comunicacións e (5) participación da cidadanía e os puntos de acceso á Sociedade da Información.


### II.1. Sitio web da entidade

A práctica totalidade dos concellos que participaron na enquisa contan cunha páxina web oficial, co 97,4%. Nos concellos de máis de 2.000 habitantes esta porcentaxe acada o valor máximo (100%), mentres que nos concellos de menos de 2.000 habitantes a porcentaxe é do 93,4%.

A totalidade dos concellos enquisados nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra dispoñen de páxina web, e só na de Ourense existen concellos que declararon non contar con páxina web activa.

#### G.1. Concellos con sitio web principal / oficial. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA



## G. 2. Concellos con sitio web principal / oficial por estratos de poboación


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

## G. 3. Concellos con sitio web principal / oficial por provincia

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA


Na enquisa realizada, ademais da dispoñibilidade de páxina web, examinouse tamén a accesibilidade e os sistemas de identificación de acceso dos visitantes da mesma.

Ao igual que ocorría nas pasadas edicións, o principal mecanismo de autenticación empregado polos concellos galegos para identificar aos seus visitantes foi o certificado dixital, cun 50,2%, cun crecemento do 3,9% respecto ao ano 2019.



#### G. 4. Mecanismos para a autenticación dos visitantes na web na actualidade


(% de concellos con sitio web principal / oficial)



Fonte: OSIMGA

#### G. 5. Mecanismos para a autenticación dos visitantes na web. Evolución do indicador

(% concellos con sitio web principal/oficial)



Fonte: OSIMGA

O certificado dixital é a modalidade de autenticación máis utilizada, independentemente do tamaño de poboación do concello. Nos concellos da provincia de Pontevedra é onde atopamos o maior uso do certificado dixital como ferramenta de identificación para as entidades locais (55,1%).

### C.1 . Concellos con mecanismos para a autenticación dos visitantes segundo o estrato poboacional

(% de concellos con sitio web principal/oficial)

|                                     | <b>Total</b> | Menos de 2.000h | 2.001- 5.000h | 5.001- 10.000h | 10.001- 20.000h | 20.001- 50.000h | Máis de 50.000h |
|-------------------------------------|--------------|-----------------|---------------|----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| Por certificado dixital             | <b>50,2%</b> | 48,5%           | 41,9%         | 61,0%          | 54,3%           | 37,7%           | 70,1%           |
| Non se identifican os visitantes    | <b>47,3%</b> | 50,5%           | 50,4%         | 41,1%          | 42,2%           | 62,3%           | 14,2%           |
| Por nome e clave, ou cun código PIN | <b>10,2%</b> | 8,4%            | 11,4%         | 10,0%          | 11,0%           | 0,0%            | 44,3%           |
| Outro Método                        | <b>3,3%</b>  | 1,1%            | 5,6%          | 0,0%           | 3,5%            | 6,4%            | 27,7%           |

Fonte: OSIMGA

### C.2 . Concellos con mecanismos para a autenticación dos visitantes segundo a provincia

(% de concellos con sitio web principal/oficial)

|                                     | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|-------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Por certificado dixital             | <b>50,2%</b> | 49,4%    | 47,8% | 49,2%   | 55,1%      |
| Non se identifican os visitantes    | <b>47,3%</b> | 48,1%    | 50,0% | 47,6%   | 42,9%      |
| Por nome e clave, ou cun código PIN | <b>10,2%</b> | 10,1%    | 13,0% | 6,3%    | 12,2%      |
| Outro Método                        | <b>3,3%</b>  | 5,1%     | 0,0%  | 4,8%    | 2,0%       |

Fonte: OSIMGA


## II.II. Sede electrónica da entidade

A sede electrónica permite o acceso, dun xeito inmediato e sinxelo, aos servizos telemáticos subministrados polo concello dende calquera dispositivo que dispoña dun acceso a Internet.

A dispoñibilidade de sede electrónica nos concellos de Galicia continúa á alza. Nos últimos 4 anos, os concellos con sede electrónica incrementáronse nun 22,7%. No ano 2021, a práctica totalidade (97,3%) dos concellos galegos xa dispoñen dunha sede electrónica fronte ao 79,3% no ano 2017.

### G. 6. Concellos con sede electrónica. Evolución do indicador

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O tamaño poboacional do concello, ao igual que ocorre nos outros indicadores, incide de xeito positivo na dispoñibilidade de sede electrónica: canto maior é a poboación existen máis probabilidades de hai de dispoñer de sede electrónica na web municipal.

Tendo en conta a provincia onde se atopan, hai máis concellos que dispoñen de sede electrónica en Pontevedra (98,1%) que nas provincias de Coruña ou Lugo (97,4% e 96,0% respectivamente).

### G. 7. Concellos con sede electrónica por tamaño


(% todos los concellos)



Fonte: OSIMGA

### G. 8. Concellos con sede electrónica por provincia

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Para analizar as funcionalidades da sede electrónica nomeáronse os seguintes servizos:


- ✓ Pagos electrónicos: tributos, multas, etc.
- ✓ Compulsa electrónica
- ✓ Consulta do estado dos trámites
- ✓ Certificacións electrónicas
- ✓ Comunicacóns administrativas entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP
- ✓ Carpeta do cidadán
- ✓ Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites
- ✓ Notificacións electrónicas
- ✓ Identificación electrónica dos cidadáns
- ✓ Rexistro electrónico

O trámite máis usual nos concellos con sede electrónica é o "Rexistro electrónico", cun 99,6% de concellos que ofrecen este servizo. Pero son varios os servizos que superan o 90%: Identificación electrónica dos cidadáns, Notificacións electrónicas, Formularios para iniciar trámites, Carpeta do cidadán e Comunicación administrativa co cidadán.

O procedemento que conta cunha menor implantación na sede electrónica dos concellos é o "Pago electrónico: tributos, multas, etc.", cun 19,4% de implantación total e un 6,4% parcial.

### G. 9. Elementos da sede electrónica que teñen total ou parcialmente os concellos

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

Respecto do ano 2019, incrementáronse a maioría dos servizos dispoñibles das sedes electrónicas dos concellos, especialmente no caso das "Comunicacións administrativas entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP" que experimentaron un crecemento do 11,1%, ou as "Disposición de

formularios electrónicos de inicio de trámites”, que tivo un crecemento do 7,3% durante os últimos dous anos.

### G. 10. Elementos da sede electrónica que teñen os concellos. Evolución do indicador

(% concellos con sede electrónica)



Fonte: OSIMGA

Nos concellos de maior número de habitantes hai máis posibilidades de xestións nas súas sedes electrónicas, cunha diferenza significativa respecto aos dispoñibles nos concellos de menor poboación. Un exemplo son os “Pagos electrónicos”, sendo posible realizalos soamente no 4,3% dos concellos máis pequenos fronte ao 85,7% dos concellos con maior poboación (máis de 50.000 habitantes).

A pesar desta diferenza cabe destacar que tanto o “Rexistro electrónico” como a “Identificación electrónica dos cidadáns” e as “Notificacións electrónicas” están presentes na práctica totalidade das sedes electrónicas dos concellos galegos, independentemente do seu tamaño poboacional, o que supón un gran avance nos últimos anos.

### C.3 Servizos da sede electrónica que teñen os concellos por estrato poboacional

(% de concellos con sede electrónica)

|                                                                           | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---------------------------------------------------------------------------|-------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Rexistro electrónico                                                      | 99,6% | 100,0%          | 98,1%        | 100,0%        | 100,0%         | 100,0%         | 100,0%          |
| Identificación electrónica dos cidadáns                                   | 98,3% | 97,5%           | 98,0%        | 97,9%         | 100,0%         | 100,0%         | 100,0%          |
| Notificacións electrónicas                                                | 96,8% | 97,8%           | 94,0%        | 100,0%        | 92,9%          | 100,0%         | 100,0%          |
| Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites             | 92,4% | 93,3%           | 95,9%        | 93,5%         | 85,7%          | 87,5%          | 85,7%           |
| Carpeta do cidadán                                                        | 92,0% | 90,0%           | 93,8%        | 95,6%         | 96,2%          | 81,3%          | 85,7%           |
| Comunicacións administrativa entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP | 90,9% | 90,0%           | 85,4%        | 100,0%        | 92,6%          | 86,7%          | 83,3%           |
| Certificacións electrónicas                                               | 82,2% | 80,5%           | 84,4%        | 82,9%         | 80,0%          | 78,6%          | 100,0%          |
| Consulta do estado dos trámites                                           | 74,8% | 69,7%           | 72,1%        | 80,0%         | 79,2%          | 100,0%         | 42,9%           |
| Compulsa electrónica                                                      | 60,9% | 61,7%           | 65,1%        | 61,5%         | 58,3%          | 46,2%          | 57,1%           |
| Pagos electrónicos: tributos, multas, etc.                                | 19,4% | 4,3%            | 13,3%        | 22,2%         | 40,0%          | 37,5%          | 85,7%           |

Fonte: OSIMGA

Entre as provincias galegas, obsérvanse que os elementos como o “Rexistro electrónico” ou a “Identificación electrónica dos cidadáns” están afianzados nas catro provincias.

Sen embargo, as maiores diferenzas atópanse nos “Pagos electrónicos” onde, por exemplo, nos concellos da provincia de Pontevedra obsérvase que dispoñen nun 39,6% deste servizo mentres que só contan con este elemento o 5,6% dos concellos da provincia de Ourense.

### C.4 Servizos da sede electrónica que teñen/usan os concellos por provincia

(% de concellos con sede electrónica)

|                                                                           | Total | A Coruña | Lugo   | Ourense | Pontevedra |
|---------------------------------------------------------------------------|-------|----------|--------|---------|------------|
| Rexistro electrónico                                                      | 99,6% | 98,4%    | 100,0% | 100,0%  | 100,0%     |
| Identificación electrónica dos cidadáns                                   | 98,3% | 98,3%    | 100,0% | 96,9%   | 98,1%      |
| Notificacións electrónicas                                                | 96,8% | 94,1%    | 95,3%  | 98,6%   | 100,0%     |
| Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites             | 92,4% | 94,5%    | 93,5%  | 93,0%   | 88,4%      |
| Carpeta do cidadán                                                        | 92,0% | 87,5%    | 95,6%  | 91,1%   | 96,2%      |
| Comunicacións administrativa entre a entidade e os cidadáns e outras AAPP | 90,9% | 85,5%    | 92,9%  | 95,2%   | 89,4%      |
| Certificacións electrónicas                                               | 82,2% | 80,6%    | 85,0%  | 82,0%   | 82,0%      |
| Consulta do estado dos trámites                                           | 74,8% | 74,7%    | 71,4%  | 79,1%   | 71,6%      |
| Compulsa electrónica                                                      | 60,9% | 60,6%    | 61,1%  | 63,1%   | 59,2%      |
| Pagos electrónicos: tributos, multas, etc.                                | 19,4% | 21,4%    | 11,3%  | 5,6%    | 39,6%      |


Fonte: OSIMGA



Dende o punto de vista dos propios concellos, os "Pagos electrónicos" constitúen o principal elemento co necesidade de actuación: 72,3% das entidades municipais. Séguelle a necesidade de actuar sobre a "Compulsa electrónica" (51,6%), a "Consulta do estado dos trámites" (45,5%) e a "Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites" (42,9%).

### G. 11. Necesidade de actuacións en elementos da sede electrónica. Evolución do Indicador

(% concellos con sede electrónica)




Fonte: OSIMGA

As previsións de actuacións dos concellos sobre os elementos da sede electrónica para o próximo ano están centradas maioritariamente nos "Pagos electrónicos" cun 11,7% e a "Disposición de formularios electrónicos de inicio de trámites" cun 11,3%.

## G. 12. Previsión das actuacións para o próximo ano. Evolución do Indicador

(% concellos con sede electrónica)



Fonte: OSIMGA


## II.III. Procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

Neste apartado analizaranse os procedementos e trámites que os concellos proporcionan á cidadanía e ás empresas a través do seu sitio web, estudando os niveis de información-interacción electrónica dos mesmos.

Os procedementos avaliados son os seguintes:

- ☒ Impostos e taxas.
- ☒ Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns).
- ☒ Solicitud de axudas, subvencións, bolsas...
- ☒ Queixas e suxestións.
- ☒ Consultas ao catálogo de bibliotecas.
- ☒ Solicitud e obtención de certificados.
- ☒ Matriculación (cursos, actividades, servizos...).
- ☒ Inscripción en rexistros.
- ☒ Solicitudes de citas, etc.
- ☒ Rexistro de documentos.
- ☒ Consulta e seguimento de tramitación de expedientes.
- ☒ Solicitud e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc.).
- ☒ Inscripción en rexistros (empresas, actividades, etc.)
- ☒ Presentación e resolución en licitacións, concursos, etc.
- ☒ Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.


Os niveis de desenvolvemento da Administración dixital diferéncianse en sucesivas fases, en función das posibilidades de interacción:



No ano 2021, o 20,4% dos servizos descritos nos concellos galegos son de nivel 5, o máximo nivel de interacción. O 77,8% dos servizos analizados acadan un nivel de interacción electrónica de 3 ou superior (21,9% mais que no 2019), é dicir, na gran maioría dos procedementos pódese, cando menos, "entregar, actualizar ou consultar información individual personalizada".

### G. 13. Nivel de interacción medio dos procedementos


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

**G. 14. Nivel de interacción medio dos procedementos. Evolución do Indicador**

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Facendo unha análise pormenorizada dos diferentes niveis de interacción electrónica, detéctase que o 71,4% dos grandes concellos desenvolven procedementos administrativos con interacción electrónica de nivel 5.

Máis do 50% dos concellos da Coruña e Pontevedra teñen ou superan o nivel 4 de interacción electrónica media dos procedementos.

**C.5 . Nivel de información – Interacción electrónica media dos procedementos segundo o estrato poboacional**

(% todos os concellos)

|         | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|---------|-------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Nivel 1 | 3,8%  | 7,0%            | 0,0%         | 6,3%          | 0,0%           | 0,0%           | 0,0%            |
| Nivel 2 | 18,5% | 23,9%           | 23,9%        | 12,5%         | 8,0%           | 21,4%          | 0,0%            |
| Nivel 3 | 31,3% | 28,2%           | 37,0%        | 41,7%         | 20,0%          | 21,4%          | 14,3%           |
| Nivel 4 | 26,1% | 21,1%           | 34,8%        | 25,0%         | 32,0%          | 21,4%          | 14,3%           |
| Nivel 5 | 20,4% | 19,7%           | 4,3%         | 14,6%         | 40,0%          | 35,7%          | 71,4%           |

Fonte: OSIMGA

## C.6 . Nivel de información – Interacción electrónica media dos procedementos segundo a provincia

(% todos os concellos)

|         | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|---------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Nivel 1 | <b>3,8%</b>  | 2,8%     | 0,0%  | 8,9%    | 2,4%       |
| Nivel 2 | <b>18,5%</b> | 15,3%    | 17,1% | 28,6%   | 11,9%      |
| Nivel 3 | <b>31,3%</b> | 29,2%    | 34,1% | 28,6%   | 35,7%      |
| Nivel 4 | <b>26,1%</b> | 33,3%    | 26,8% | 17,9%   | 23,8%      |
| Nivel 5 | <b>20,4%</b> | 19,4%    | 22,0% | 16,1%   | 26,2%      |

Fonte: OSIMGA

Na táboa que segue obsérvase a distribución dos niveis de interacción electrónica para cada un dos 15 procedementos estudados.

## C.7 . Niveis de información electrónica dos procedementos e trámites proporcionados a través de Internet

(% concellos con sitio web principal / oficial)


|                                                                 | Nivel 1 | Nivel 2 | Nivel 3 | Nivel 4 | Nivel 5 |
|-----------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Impostos e taxas                                                | 29,1%   | 23,9%   | 23,6%   | 20,5%   | 2,9%    |
| Solicitude de axudas, subvencións, bolsas, etc                  | 13,2%   | 26,6%   | 29,8%   | 27,9%   | 2,5%    |
| Rexistro de documentos                                          | 4,4%    | 9,9%    | 40,0%   | 36,0%   | 9,7%    |
| Consulta e seguimento da tramitación de expedientes             | 12,8%   | 10,7%   | 42,0%   | 28,0%   | 6,5%    |
| Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc) | 6,5%    | 19,4%   | 39,6%   | 30,8%   | 3,7%    |
| Inscripción en rexistros (empresas, actividades etc)            | 13,4%   | 19,4%   | 31,8%   | 31,4%   | 4,0%    |
| Presentación e resolución de licitacións, concursos etc.        | 3,5%    | 12,6%   | 36,4%   | 38,1%   | 9,4%    |
| Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.         | 9,1%    | 11,3%   | 34,2%   | 35,7%   | 9,7%    |
| Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns)      | 6,2%    | 17,1%   | 37,4%   | 32,4%   | 6,9%    |
| Solicitudes de citas, etc                                       | 13,9%   | 18,3%   | 33,3%   | 29,0%   | 5,5%    |
| Queixas e suxestións                                            | 7,1%    | 16,8%   | 36,1%   | 32,2%   | 7,8%    |
| Consultas ao catálogo de bibliotecas                            | 30,1%   | 16,7%   | 19,6%   | 22,2%   | 11,4%   |
| Solicitude e obtención de certificados                          | 8,7%    | 14,2%   | 39,8%   | 30,0%   | 7,3%    |
| Matriculación (cursos, actividades, servizos...)                | 12,9%   | 21,7%   | 34,1%   | 24,6%   | 6,7%    |
| Inscripción en rexistros                                        | 8,4%    | 21,4%   | 33,8%   | 29,9%   | 6,5%    |

Fonte: OSIMGA

No caso de que os procedementos estean dispoñibles con niveis de interacción 3, 4, ou 5, preguntouse tamén se “foron tramitados polos usuarios”. O resultado foi que os máis tramitados polos usuarios son “Rexistro de documentos” cun 90,9% e as “Presentación e resolución de licitacións, concursos, etc.” cun 89,4%. O procedemento menos empregado dos dispoñibles a partir de nivel 3 foi a “Consulta do catálogo de bibliotecas”, cun 58%.

### G. 15. Servizos de nivel 3,4 ou 5 tramitados electronicamente polos usuarios

(% concellos con sitio web principal / oficial con nivel de interacción igual o superior a 3)



Fonte: OSIMGA

Dos procedementos dispoñibles a partir de nivel 3, preguntouse a porcentaxe das tramitación por vía dixital no último ano. O resultado foi que o trámite que máis se tramita dixitalmente é a “Presentación e resolución de licitacións, concursos etc.” onde o 49%n de concellos indican que este trámite fíxose por completo electronicamente.

## C.8 Porcentaxe dos procedementos e trámites realizados a través de Internet no último ano

(% concellos con sitio web principal / oficial con nivel de interacción igual o superior a 3)

|                                                                 | Non Realiza | Menos do 25% | Do 25% ao 50% | Do 50% ao 75% | Máis do 75% | Todos se fixeron electrónicamente |
|-----------------------------------------------------------------|-------------|--------------|---------------|---------------|-------------|-----------------------------------|
| Impostos e taxas                                                | 9,5%        | 47,6%        | 25,4%         | 9,4%          | 6,4%        | 1,8%                              |
| Solicitude de axudas, subvencións, bolsas, etc                  | 3,5%        | 21,4%        | 26,5%         | 16,9%         | 17,2%       | 14,6%                             |
| Rexistro de documentos                                          | 0,0%        | 26,7%        | 27,9%         | 16,3%         | 19,3%       | 9,9%                              |
| Consulta e seguimento da tramitación de expedientes             | 2,7%        | 47,5%        | 18,1%         | 10,3%         | 12,4%       | 8,9%                              |
| Solicitude e obtención de autorizacións e permisos (obras, etc) | 0,8%        | 32,7%        | 31,1%         | 18,4%         | 8,6%        | 8,4%                              |
| Inscripción en rexistros (empresas, actividades etc)            | 4,5%        | 27,7%        | 19,5%         | 15,4%         | 18,8%       | 14,0%                             |
| Presentación e resolución de licitacións, concursos etc.        | 0,8%        | 13,9%        | 6,3%          | 6,7%          | 23,2%       | 49,0%                             |
| Establecemento e sinatura de contratos, convenios, etc.         | 1,0%        | 11,7%        | 13,0%         | 16,2%         | 33,2%       | 24,9%                             |
| Presentación a ofertas de emprego público (polos cidadáns)      | 5,5%        | 32,5%        | 22,8%         | 12,5%         | 18,7%       | 8,0%                              |
| Solicitudes de citas, etc                                       | 8,7%        | 45,9%        | 19,3%         | 9,6%          | 12,6%       | 3,9%                              |
| Queixas e suxestións                                            | 6,3%        | 49,8%        | 18,3%         | 12,1%         | 10,9%       | 2,6%                              |
| Consultas ao catálogo de bibliotecas                            | 3,6%        | 32,2%        | 17,3%         | 25,4%         | 9,8%        | 11,6%                             |
| Solicitude e obtención de certificados                          | 1,8%        | 48,8%        | 19,2%         | 13,2%         | 11,5%       | 5,6%                              |
| Matriculación (cursos, actividades, servizos...)                | 5,6%        | 43,2%        | 23,4%         | 15,4%         | 9,7%        | 2,7%                              |
| Inscripción en rexistros                                        | 3,1%        | 48,0%        | 17,8%         | 10,0%         | 11,1%       | 10,0%                             |


Fonte: OSIMGA

Na seguinte variable analízase, que porcentaxe, de todos os trámites dispoñibles para empresas, cidadáns e organizacións, poden ser tramitados enteiramente de forma dixital

Globalmente o 50,3% dos concellos galegos teñen algún trámite dispoñible enteiramente de forma dixital no ano 2021. Do total de concellos, o 26,8% dispón de máis do 50% dos trámites para tramitarse enteiramente por Internet.

### G. 16. Trámites Dispoñible para os cidadáns, empresas e organizacións que poden tramitarse enteiramente de forma dixital

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Analizando a dispoñibilidade de trámites que os cidadáns, as empresas e as organizacións poden realizar enteiramente por Internet, detéctase que máis do 35% dos concellos de máis de 5.000



habitantes indican que máis da metade dos trámites están dispoñibles dixitalmente. Por provincias, máis do 30% indican que máis da metade dos seus procedementos son tramitables dixitalmente na Coruña e Pontevedra.

### C.9 Trámites Dispoñible para os cidadáns, empresas e organizacións que poden tramitarse enteiramente de forma dixital segundo estrato poboacional

(% todos os concellos)

|                                      | <b>Total</b> | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|--------------------------------------|--------------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Menos do 25%                         | <b>7,0%</b>  | 9,7%            | 1,7%         | 7,8%          | 14,3%          | 0,0%           | 0,0%            |
| Do 25 ao 50%                         | <b>16,5%</b> | 17,5%           | 25,0%        | 9,8%          | 14,3%          | 0,0%           | 0,0%            |
| Máis do 50%                          | <b>26,8%</b> | 25,2%           | 15,0%        | 35,3%         | 35,7%          | 37,5%          | 57,1%           |
| Non dispoñen de trámites dispoñibles | <b>49,7%</b> | 47,6%           | 58,3%        | 47,1%         | 35,7%          | 62,5%          | 42,9%           |

Fonte: OSIMGA

### C.10 Trámites Dispoñible para os cidadáns, empresas e organizacións que poden tramitarse enteiramente de forma dixital segundo provincia

(% todos os concellos)


|                                      | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|--------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Menos do 25%                         | <b>7,0%</b>  | 2,3%     | 9,4%  | 11,0%   | 5,8%       |
| Do 25 ao 50%                         | <b>16,5%</b> | 14,5%    | 28,9% | 8,7%    | 18,5%      |
| Máis do 50%                          | <b>26,8%</b> | 31,8%    | 12,6% | 27,6%   | 32,4%      |
| Non dispoñen de trámites dispoñibles | <b>49,7%</b> | 51,4%    | 49,1% | 52,7%   | 43,3%      |

Fonte: OSIMGA

No 2021, os concellos galegos que contan cun catálogo de procedementos dispoñibles a través de internet acadaron o 66,4%, consolidando o gran crecemento observado dende 2017. Destacan por ofrecer maioritariamente este servizo, sobre todo os concellos que teñen entre 10.001 e 20.000 habitantes (82,1%) fronte ao 56,6% no caso dos concellos cunha poboación que oscila entre os 20.001 os 50.000 habitantes.

### G. 17. Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet. Evolución do Indicador


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

### G. 18. Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet segundo estrato poboacional

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

O 69,2% dos concellos da provincia de Pontevedra dispón dun catálogo de procedementos accesible a través de Internet, fronte ao 59,5% dos concellos de Ourense que teñen catalogados os procedementos administrativos online.

### G. 19. Dispoñibilidade do catálogo de procedementos a través de Internet segundo a provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

A accesibilidade ao catálogo de procedementos por tamaño do concello no ano 2021 é case total independentemente do estrato poboacional.

### G. 20. Accesibilidade do catálogo de procedementos segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos con catálogo de procedementos)




Fonte: OSIMGA

Considerando os concellos que teñen catálogo de procedementos e segundo a provincia á que pertencen, a accesibilidade é maior nos municipios situados nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense (100%), pero é case total en todas.

**G. 21. Accesibilidade do catálogo de procedementos segundo a provincia**

(% todos os concellos con catálogo de procedementos)




Fonte: OSIMGA

O 29% dos concellos suprimiu a obriga de achegar algunha documentación (DNI, certificación de obrigacións tributarias [AEAT, Seguridade Social], familia numerosa, discapacidade, inscrición en rexistros, etc.) no último ano.

Ademais, durante o 2021, un 51,1% dos concellos substituíu por declaracións responsables algunha da documentación que había que achegar (certificación de conta bancaria, poderes de representación, etc.).

**G. 22. Supresión da obriga de aportar documentos. Evolución do Indicador**


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

### G. 23. Substitución de documentos por declaracións responsables. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Esta simplificación administrativa está máis afianzada cando é maior o tamaño do concello: o 60% dos concellos de máis de 50.000 habitantes substitúen documentos por declaracións responsables e o 50% suprime a obriga de achegar documentos no último ano.

#### C.11 . Intercambio de datos cos cidadáns: suprimir obriga de aportar documentos e substitución por declaracións responsables segundo o estrato poboacional

| (% todos os concellos)                     |              |                 |              |               |                |                |                 |
|--------------------------------------------|--------------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
|                                            | <b>Total</b> | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
| Substitución por declaracións responsables | <b>51,1%</b> | 35,9%           | 57,9%        | 64,9%         | 60,0%          | 66,7%          | 60,0%           |
| Suprimir obriga de documentos              | <b>29,0%</b> | 18,4%           | 29,3%        | 32,5%         | 45,8%          | 41,7%          | 50,0%           |

Fonte: OSIMGA

Na provincia da Coruña é onde se rexistran máis concellos que suprimiron a obriga de presentar documentos (53,6%) e simplificaron os trámites respecto á substitución de documentación por declaracións responsables, (66,3%).

#### C.12 . Intercambio de datos cos cidadáns: suprimir obriga de aportar documentos e substitución por declaracións responsables segundo o estrato poboacional

| (% todos os concellos)                     |              |          |       |         |            |
|--------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
|                                            | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
| Substitución por declaracións responsables | <b>51,1%</b> | 66,3%    | 47,6% | 33,9%   | 56,8%      |
| Suprimir obriga de documentos              | <b>29,0%</b> | 53,6%    | 13,5% | 14,3%   | 27,8%      |


Fonte: OSIMGA

A medición da interacción electrónica da administración municipal con outras administracións públicas (AAPP) baséase na realización de consultas, é dicir no acceso de información aos sistemas de información doutras AAPP que realizan o 67,8% dos concellos galegos.

Tamén se ten en conta nesta medición a recepción de certificados electrónicos procedentes doutras administracións (o 57,3% dos concellos solicitouna).

#### G. 24. Intercambio de datos con outras AAPP

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Novamente obsérvase que o tamaño de poboación do concello incide positivamente no indicador de dixitalización, xa que o 85,7% dos concellos de máis de 50.000 habitantes accederon aos sistemas de información doutras AAPP para realizar consultas fronte ao 59,2% dos concellos de menos de 2.000 habitantes.

Por provincias, as entidades municipais da provincia da Coruña destacan en todos os trámites con outras administracións anteriormente citados.

#### C.13 Intercambio de datos con outras AAPP segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

|                                                                                   | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|-----------------------------------------------------------------------------------|-------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Recibiu certificados electrónicos doutras AAPP                                    | 57,3% | 51,5%           | 58,3%        | 62,7%         | 60,7%          | 62,5%          | 71,4%           |
| Enviou certificados electrónicos a outras AAPP                                    | 54,9% | 54,4%           | 58,3%        | 60,8%         | 46,4%          | 56,3%          | 14,3%           |
| Accede aos sistemas de información doutras AAPP para consulta                     | 67,8% | 59,2%           | 70,0%        | 74,5%         | 71,4%          | 81,3%          | 85,7%           |
| Ten procedementos integrados electronicamente cos sist. Informáticos doutras AAPP | 54,1% | 47,6%           | 56,7%        | 56,9%         | 64,3%          | 56,3%          | 57,1%           |

Fonte: OSIMGA

### C.14 Intercambio de datos con outras AAPP segundo a provincia

(% todos os concellos)

|                                                                                   | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|-----------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Recibiu certificados electrónicos doutras AAPP                                    | <b>57,3%</b> | 62,0%    | 51,7% | 55,9%   | 57,7%      |
| Enviou certificados electrónicos a outras AAPP                                    | <b>54,9%</b> | 56,4%    | 57,5% | 54,8%   | 50,0%      |
| Accede aos sistemas de información doutras AAPP para consulta                     | <b>67,8%</b> | 82,7%    | 59,6% | 60,6%   | 63,8%      |
| Ten procedementos integrados electronicamente cos sist. Informáticos doutras AAPP | <b>54,1%</b> | 70,9%    | 50,1% | 48,2%   | 40,5%      |

Fonte: OSIMGA


## II.IV. Comunicacóns e participación da cidadanía

Outro indicador básico para medir a eficacia da Administración dixital é a participación cidadá a través do uso de canles de comunicación electrónicas tales como o correo electrónico e/ou dispositivos dixitais.

No ano 2021 este indicador amósanos, tal e como vimos observando nas anteriores edicións, que o correo electrónico é a canle de comunicación máis empregada nos concellos galegos cun 98% (o que supón un crecemento do 1,9% respecto ao 2019). Nesta edición destaca o incremento do uso do "Teléfono/servizo telefónico de información unificado", que aumenta o seu uso nun 27,8% respecto ao 2019 e o maior uso de "Rede social da entidade", que xa acada o 77,9%.

### G. 25. Canles de comunicación co cidadán. Evolución do Indicador

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA



O rango de poboación dos concellos inflúe. A totalidade nas canles de comunicación. Os grandes concellos teñen ao servizo dos seus cidadáns máis canles de comunicación ca o resto de estratos. Neste senso destácase, canles tales coma o "Correo electrónico persoal para comunicacións dos cidadáns" ou "Internet para dispositivos móbiles" que son máis frecuentes nos grandes concellos galegos.

### C.15 Canles de comunicación co cidadán segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

|                                                                 | <b>Total</b> | Menos de<br>2.000h | 2.001-<br>5.000h | 5.001-<br>10.000h | 10.001-<br>20.000h | 20.001-<br>50.000h | Máis de<br>50.000h |
|-----------------------------------------------------------------|--------------|--------------------|------------------|-------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| Correo electrónico                                              | <b>98,0%</b> | 98,0%              | 96,6%            | 100,0%            | 96,4%              | 100,0%             | 100,0%             |
| Rede social da entidade                                         | <b>77,9%</b> | 64,7%              | 75,9%            | 92,2%             | 96,4%              | 93,8%              | 85,7%              |
| Punto de información presencial con soporte informático         | <b>66,9%</b> | 68,6%              | 62,1%            | 62,7%             | 75,0%              | 68,8%              | 85,7%              |
| Fax                                                             | <b>56,2%</b> | 50,0%              | 53,4%            | 58,8%             | 71,4%              | 68,8%              | 71,4%              |
| Teléfono / servizo telefónico de información unificado          | <b>45,5%</b> | 51,0%              | 51,7%            | 33,3%             | 35,7%              | 25,0%              | 71,4%              |
| Correo electrónico persoal para comunicacións dos cidadáns      | <b>39,2%</b> | 28,4%              | 36,2%            | 49,0%             | 50,0%              | 56,3%              | 85,7%              |
| Correo electrónico específico para a participación dos cidadáns | <b>37,3%</b> | 20,6%              | 39,7%            | 51,0%             | 60,7%              | 50,0%              | 42,9%              |
| Internet para dispositivos móbiles                              | <b>35,1%</b> | 24,5%              | 34,5%            | 29,4%             | 57,1%              | 68,8%              | 85,7%              |
| Outros medios                                                   | <b>32,2%</b> | 13,7%              | 29,3%            | 52,9%             | 50,0%              | 56,3%              | 71,4%              |
| Terminais / puntos de acceso público a internet                 | <b>23,4%</b> | 10,8%              | 24,1%            | 31,4%             | 39,3%              | 43,8%              | 42,9%              |
| Servizo de mensaxes a móbiles                                   | <b>22,1%</b> | 11,8%              | 17,2%            | 39,2%             | 14,3%              | 56,3%              | 71,4%              |
| Consulta, enquisa ou votación en liña                           | <b>13,2%</b> | 5,9%               | 8,6%             | 9,8%              | 28,6%              | 62,5%              | 28,6%              |
| Órgano formal con funcións asignadas de participación cidadá    | <b>13,2%</b> | 2,0%               | 8,6%             | 19,6%             | 35,7%              | 43,8%              | 28,6%              |
| Responsable con blog persoal para comunicacións dos cidadáns    | <b>5,7%</b>  | 3,9%               | 1,7%             | 11,8%             | 0,0%               | 18,8%              | 28,6%              |
| Enquisas de satisfacción ou avaliación en liña                  | <b>1,4%</b>  | 1,0%               | 0,0%             | 3,9%              | 0,0%               | 0,0%               | 14,3%              |

Fonte: OSIMGA

## C.16 Canles de comunicación co cidadán segundo a provincia

(% todos os concellos)

|                                                                 | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|-----------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Correo electrónico                                              | <b>98,0%</b> | 96,1%    | 96,0% | 100,0%  | 100,0%     |
| Rede social da entidade                                         | <b>77,9%</b> | 90,2%    | 74,3% | 60,8%   | 88,1%      |
| Punto de información presencial con soporte informático         | <b>66,9%</b> | 58,7%    | 70,3% | 73,6%   | 66,3%      |
| Outras fontes de Big Data                                            | 1,1%  | 1,5%     | 0,0% | 0,0%    | 2,5%       |


Fonte: OSIMGA

## IV.III. Internet das Cousas

No 2021, inclúese no cuestionario da enquisa aos concellos o uso de sistemas ou dispositivos interconectados que poden ser controlados remotamente a través de Internet (IoT). Detectouse que o 20,9% dos concellos galegos utilizan estes sistemas de IoT.

### G.60. Concellos que utilizan sistemas ou dispositivos interconectados que poidan ser monitorizados ou controlados remotamente a través de Internet (IoT)

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Neste novo indicador obsérvase tamén que o tamaño do estrato de poboación condiciona o seu uso a favor dos concellos máis grandes. Máis da metade dos grandes concellos (57,1%) utilizan IoT.

Por provincia, pódese destacar o 26% de utilización de dispositivos IoT por parte dos concellos de Pontevedra.

### G.61. Concellos que utilizan sistemas de IoT segundo estrato de poboación


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

### G.62. Concellos que utilizan sistemas de IoT segundo provincia


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Os dispositivos IoT máis utilizados polos concellos son os “Medidores intelixentes”, o “Control e xestión de alumado público” e o “Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento”, os tres dispositivos superan o 50%.

### G.63. Dispositivos IoT utilizados polos concellos



Fonte: OSIMGA

Segundo o estrato de poboación do concello, a maior número de habitantes máis presenza de dispositivos de IoT. Destacamos os dispositivos para o “control do alumado público”, o “control e xestión do rego” e a “xestión de residuos” nos concellos de máis de 50 mil habitantes, onde acadan o 100% de uso entre concellos que utilizan IoT.

En canto ao ámbito provincial, o 100% dos concellos da provincia de Pontevedra con uso de IoT, utilizan dispositivos de “control e xestión do rego”.

**C.39 Dispositivos IoT utilizadas segundo o estrato poboacional**

(% concellos que utilizan dispositivos IoT)

|                                                                                                                                                                            | <b>Total</b> | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Medidores intelixentes, lámpadas intelixentes, termostatos intelixentes para optimizar o consumo de enerxía nos diferentes locais ou dispositivos de competencia municipal | <b>51,9%</b> | 25,0%           | 66,7%        | 100,0%        | 33,3%          | 50,0%          | 75,0%           |
| Control e xestión do alumado público                                                                                                                                       | <b>50,8%</b> | 28,6%           | 16,7%        | 100,0%        | 66,7%          | 66,7%          | 100,0%          |
| Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento                                                                                                               | <b>50,6%</b> | 50,0%           | 33,3%        | 0,0%          | 66,7%          | 66,7%          | 100,0%          |
| Unha rede inalámbrica para dar servizo ao IOT no concello                                                                                                                  | <b>36,1%</b> | 0,0%            | 40,0%        | 50,0%         | 66,7%          | 33,3%          | 66,7%           |
| Control do acceso aos servizos públicos municipais                                                                                                                         | <b>25,3%</b> | 16,7%           | 0,0%         | 50,0%         | 50,0%          | 25,0%          | 66,7%           |
| Xestión de aparcamentos                                                                                                                                                    | <b>19,8%</b> | 0,0%            | 0,0%         | 0,0%          | 0,0%           | 60,0%          | 66,7%           |
| Xestión de Residuos                                                                                                                                                        | <b>16,3%</b> | 14,3%           | 0,0%         | 0,0%          | 0,0%           | 0,0%           | 100,0%          |
| Outros dispositivos                                                                                                                                                        | <b>13,7%</b> | 0,0%            | 16,7%        | 0,0%          | 0,0%           | 0,0%           | 66,7%           |

Fonte: OSIMGA

**C.40 Dispositivos IoT utilizados segundo a provincia**

(% concellos que utilizan dispositivos IoT)

|                                                                                                                                                                            | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Medidores intelixentes, lámpadas intelixentes, termostatos intelixentes para optimizar o consumo de enerxía nos diferentes locais ou dispositivos de competencia municipal | <b>51,9%</b> | 63,7%    | 48,8% | 20,0%   | 62,0%      |
| Control e xestión do alumado público                                                                                                                                       | <b>50,8%</b> | 59,4%    | 35,7% | 35,5%   | 72,4%      |
| Control e xestión do rego, subministro de auga ou saneamento                                                                                                               | <b>50,6%</b> | 36,0%    | 22,6% | 50,0%   | 100,0%     |
| Unha rede inalámbrica para dar servizo ao IOT no concello                                                                                                                  | <b>36,1%</b> | 42,3%    | 23,1% | 0,0%    | 73,0%      |
| Control do acceso aos servizos públicos municipais                                                                                                                         | <b>25,3%</b> | 34,0%    | 0,0%  | 0,0%    | 68,5%      |
| Xestión de aparcamentos                                                                                                                                                    | <b>19,8%</b> | 19,2%    | 16,4% | 0,0%    | 47,9%      |
| Xestión de Residuos                                                                                                                                                        | <b>16,3%</b> | 9,6%     | 16,4% | 20,0%   | 31,5%      |
| Outros dispositivos                                                                                                                                                        | <b>13,7%</b> | 0,0%     | 31,9% | 0,0%    | 31,5%      |

Fonte: OSIMGA




## IV.V. Robótica e Chatbots

Para completar o coñecemento sobre o uso de tecnoloxías disruptivas nos concellos galegos, analizouse tamén o uso de robots para tarefas de vixilancia, para tarefas de limpeza e de chatbots para interactuar cos cidadáns.

Aínda que estas tres tecnoloxías só están levemente instauradas no ámbito da administración dixital local, xa se están empezando a dar os primeiros pasos. Así, no 2021, o 1,7% dos concellos galegos utiliza robots para tarefas de vixilancia e o 2,9% utiliza chatbots.

### G.64. Concellos que utilizan robótica e chatbots

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

A presenza destas innovacións tecnolóxicas é máis notoria nos concellos de máis de 50 mil habitantes, onde o 14,3% utilizan robots para tarefas de vixilancia.

O uso de chatbots ten unha maior presenza nos concellos cun volume de poboación de 10.001 a 20.000 habitantes (7,1%).

En canto á provincia, destácase o uso de robots para tarefas de vixilancia e chatbos nos concellos coruñeses, e os robots para tarefas de limpeza e novamente chatbots nos concellos da provincia de Pontevedra.

### C.41 Utilización de robótica e chatbots segundo o estrato poboacional

| (% todos os concellos)                                      |              |                 |              |               |                |                |                 |
|-------------------------------------------------------------|--------------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
|                                                             | <b>Total</b> | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
| Robots para tarefas de vixilancia, seguridade ou inspección | <b>1,7%</b>  | 1,1%            | 0,0%         | 5,0%          | 0,0%           | 0,0%           | 14,3%           |
| Robots para tarefas limpeza ou eliminación de residuos      | <b>0,9%</b>  | 0,0%            | 0,0%         | 0,0%          | 4,2%           | 6,7%           | 0,0%            |
| Chatbots para interactuar cos veciños                       | <b>2,9%</b>  | 1,0%            | 1,7%         | 5,9%          | 7,1%           | 6,3%           | 0,0%            |

Fonte: OSIMGA

### C.42 Utilización de robótica e chatbots segundo a provincia

| (% todos os concellos)                                      |              |          |      |         |            |
|-------------------------------------------------------------|--------------|----------|------|---------|------------|
|                                                             | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| Robots para tarefas de vixilancia, seguridade ou inspección | <b>1,7%</b>  | 5,4%     | 0,0% | 0,0%    | 0,0%       |
| Robots para tarefas limpeza ou eliminación de residuos      | <b>0,9%</b>  | 0,0%     | 0,0% | 0,0%    | 4,2%       |
| Chatbots para interactuar cos veciños                       | <b>2,9%</b>  | 5,7%     | 1,9% | 0,0%    | 4,2%       |

Fonte: OSIMGA



# Teletraballo


☒ No 2021, o 69,8% dos concellos galegos contaban con empregados/as que teletraballaban.

## V. Teletraballo

No ano 2021, o 69,8% dos concellos galegos contaban con empregados/as que teletraballaban, é dicir, que se conectan cando menos media xornada semanal a sistemas TIC por redes telemáticas externas ao Concello.

### G.65. Concellos con empregados/as teletraballando no ano 2021

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o estrato de poboación do municipio e a provincia, a partir dos 10.001 habitantes, todos os concellos contan con algún empregado teletraballando.

Lidera o uso do teletraballo a provincia de Pontevedra, co 94% e seguida a certa distancia da Coruña, co 76,3%.

### G.66. Concellos con empregados/as teletraballando segundo o estrato poboacional


(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

### G.67. Concellos con empregados/as teletraballando segundo a provincia

(% todos os concellos)




Fonte: OSIMGA

Tendo en conta os concellos que teñen empregados/as que teletraballan, o 42,8% teñen menos do 5% dos seus empregados/as que o fan habitualmente, e só o 20,1% teñen máis dun 20% de persoal que habitualmente teletraballa.

**G.68. Porcentaxe de empregados/as que teletraballan habitualmente no ano 2021**

(% todos os concellos que teñen empregados / as teletraballando)



Fonte: OSIMGA

A presenza de empregados/as teletraballando habitualmente é máis notoria nos concellos de máis de 50 mil habitantes, onde o 57,1% teñen máis do 20% do persoal que teletraballa.

En canto á provincia, destácase o maior volume de persoal que habitualmente teletraballa nos concellos nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

**C.43 Porcentaxe de empregados/as que teletraballan habitualmente no ano 2021 segundo o estrato poboacional**

(% todos os concellos que teñen empregados / as teletraballando)

|              | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|--------------|-------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Menos do 5%  | 42,8% | 58,7%           | 43,8%        | 36,8%         | 34,6%          | 31,3%          | 14,3%           |
| Do 5% ao 20% | 37,1% | 26,1%           | 40,6%        | 44,7%         | 42,3%          | 37,5%          | 28,6%           |
| Máis do 20%  | 20,1% | 15,2%           | 15,6%        | 18,4%         | 23,1%          | 31,3%          | 57,1%           |

Fonte: OSIMGA

**C.44 Porcentaxe de empregados/as que teletraballan habitualmente no ano 2021  
segundo a provincia**

(% todos os concellos que teñen empregados / as teletraballando)

|              | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|--------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Menos do 5%  | <b>42,8%</b> | 39,9%    | 46,2% | 55,3%   | 34,6%      |
| Do 5% ao 20% | <b>37,1%</b> | 40,4%    | 38,6% | 28,4%   | 38,8%      |
| Máis do 20%  | <b>20,1%</b> | 19,6%    | 15,2% | 16,4%   | 26,6%      |

Fonte: OSIMGA



## Aplicacións internas

- ☑ No ano 2021, a aplicación interna de xestión máis común nos concellos galegos foi a "Xestión de expedientes/tramitación electrónica" co 93%, seguida da "emisión de documentos administrativos electrónicos" cun 92,3%; no terceiro posto atópanse as aplicacións de "Xestión de identificación electrónica e sinatura electrónica", e "Integración na rede de comunicación das AAPP", ambos cun 85,2%.
- ☑ A "Facturación electrónica"(93,3%), o "Perfil de Contratante" (91,5%) e a "Licitación electrónica" (90,3%) son as aplicacións máis habituais nos concellos galegos.



## VI. Aplicacións internas

A continuación preséntase a análise dos resultados obtidos no apartado de aplicacións internas e melloras que se dividirá en varias seccións. A estrutura da información que se presenta comeza mostrando os datos referidos ao grao de implantación de diversas aplicacións, servizos e actuacións no ámbito da administración dixital, así como as posibles melloras que se poderían aplicar nas mesmas. Finalmente, expóñense as principais problemáticas dos concellos á hora de optimizar o despregue da administración dixital nas súas entidades.

### VI.I. Actuacións, melloras e actuacións prioritarias


Neste primeiro epígrafe trátase a situación dos concellos segundo a súa relación coas seguintes aplicacións internas de xestión de eAdministración:

- ☒ Xestión de expedientes/tramitación electrónica (backoffice).
- ☒ Xestión de dixitalización, documentos, arquivo electrónico.
- ☒ Xestión de identificación electrónica e sinatura dixital para o persoal da entidade.
- ☒ Facilitar datos do cidadán en formato electrónico a outras AAPP.
- ☒ Xestión automatizada de trámites administrativos mediante sinatura dixital.
- ☒ Emisión de documentos administrativos dixitais.
- ☒ Xestión de intranet (internet para uso interno).
- ☒ Integración na rede de comunicacións das AAPP (SARA, etc.)

No ano 2021, a aplicación interna de xestión máis común nos concellos galegos foi a "Xestión de expedientes/tramitación electrónica" cun 93%; seguida da "Emisión de documentos administrativos dixitais" co 92,3%; no terceiro posto atópanse as aplicacións de "Xestión de identificación electrónica e sinatura electrónica" e as "Integración na rede de comunicacións das AAPP", cun 85,2%.


O incremento máis intenso respecto aos datos do ano 2019 obsérvase nas aplicacións "Xestión de dixitalización, xestión documental, arquivo electrónico, custodia" e " Facilitar datos do cidadán en formato electrónico a outras AAPP" que teñen un crecemento de 18,7% e 14,6% respectivamente.

### G.69. Concellos que teñen / usan aplicacións de xestión interna total ou parcialmente



Fonte: OSIMGA

### G.70. Concellos que teñen / usan aplicación de xestión interna totalmente. Evolución do indicador



Fonte: OSIMGA

Segundo o estrato de poboación, non sempre os concellos de maior tamaño teñen ou usan máis aplicacións de xestión interna.

Como se aprecia na seguinte táboa, no que se refire ás aplicacións de "Xestión de expedientes", "Emisión de documentos administrativos dixitais" e "Xestión da identificación electrónica", os concellos máis grandes presentan menor uso.

#### C.45 Concellos que teñen / usan aplicacións de xestión interna segundo o estrato poboacional

|                                                                                               |              | (% todos os concellos) |                  |                   |                    |                    |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|------------------------|------------------|-------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
|                                                                                               | <b>Total</b> | Menos de<br>2.000h     | 2.001-<br>5.000h | 5.001-<br>10.000h | 10.001-<br>20.000h | 20.001-<br>50.000h | Máis de<br>50.000h |
| Xestión de expedientes /<br>tramitación electrónica (backoffice)                              | <b>93,0%</b> | 92,2%                  | 96,1%            | 91,1%             | 96,4%              | 93,3%              | 71,4%              |
| Emisión de documentos<br>Administrativos electrónicos                                         | <b>92,3%</b> | 97,7%                  | 95,7%            | 92,9%             | 84,0%              | 66,7%              | 66,7%              |
| Xestión da identificación electrónica<br>e sinatura electrónica para o persoal<br>da entidade | <b>85,2%</b> | 90,5%                  | 83,3%            | 83,7%             | 80,0%              | 81,3%              | 71,4%              |
| Integración na rede de<br>comunicacións das AAPP (SARA, etc.)                                 | <b>85,2%</b> | 84,5%                  | 90,5%            | 80,0%             | 92,9%              | 73,3%              | 71,4%              |
| Xestión automatizada de trámites<br>Administrativos mediante sinatura<br>electrónica          | <b>82,6%</b> | 88,0%                  | 87,2%            | 81,8%             | 71,4%              | 62,5%              | 66,7%              |
| Facilitar datos do cidadán en<br>formato electrónico a outras AAPP                            | <b>65,3%</b> | 72,5%                  | 60,5%            | 70,3%             | 47,8%              | 61,5%              | 66,7%              |
| Xestión de dixitalización, xestión<br>documental, arquivo electrónico,<br>custodia            | <b>57,7%</b> | 67,1%                  | 58,7%            | 45,2%             | 48,1%              | 46,7%              | 71,4%              |
| Xestión de intranet (internet para<br>uso interno)                                            | <b>57,5%</b> | 49,2%                  | 65,8%            | 64,9%             | 53,8%              | 50,0%              | 66,7%              |

Fonte: OSIMGA

Por provincias obsérvanse tendencias semellantes no uso das aplicacións, sendo as aplicacións máis empregadas as de "Xestión de expedientes /tramitación electrónica" e "Emisión de documentos administrativos". No uso da primeira aplicación destaca a provincia de Lugo con 93,9% e no uso da segunda destaca a provincia de Ourense cun 95,6%.

#### C.46 Concellos que teñen / usan aplicacións de xestión interna segundo a provincia

(% todos os concellos)

|                                                                                         | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Xestión de expedientes / tramitación electrónica (backoffice)                           | <b>93,0%</b> | 92,4%    | 93,9% | 92,6%   | 93,6%      |
| Emisión de documentos Administrativos electrónicos                                      | <b>92,3%</b> | 87,8%    | 95,3% | 95,6%   | 91,1%      |
| Xestión da identificación electrónica e sinatura electrónica para o persoal da entidade | <b>85,2%</b> | 80,9%    | 88,4% | 89,6%   | 82,4%      |
| Integración na rede de comunicacións das AAPP (SARA, etc.)                              | <b>85,2%</b> | 85,4%    | 81,6% | 89,8%   | 82,7%      |
| Xestión automatizada de trámites Administrativos mediante sinatura electrónica          | <b>82,6%</b> | 77,8%    | 86,1% | 86,4%   | 81,1%      |
| Facilitar datos do cidadán en formato electrónico a outras AAPP                         | <b>65,3%</b> | 61,0%    | 61,2% | 76,3%   | 60,4%      |
| Xestión de dixitalización, xestión documental, arquivo electrónico, custodia            | <b>57,7%</b> | 41,9%    | 50,3% | 73,4%   | 65,7%      |
| Xestión de intranet (internet para uso interno)                                         | <b>57,5%</b> | 63,2%    | 46,8% | 56,0%   | 59,5%      |

Fonte: OSIMGA


Os seguintes datos refírense á dispoñibilidade dos servizos electrónicos nos concellos galegos:

- ☒ Integración na rede de oficinas 060.
- ☒ Rexistro de contratistas electrónico.
- ☒ Facturación electrónica.
- ☒ Licitación electrónica.
- ☒ Aval electrónico (aval telemático).
- ☒ Perfil do contratante electrónico.
- ☒ Transparencia da información da entidade (plenos, orzamentos, convenios, etc.).

A “Facturación electrónica” (93,3%), o “Perfil de Contratante” (91,5%) e a “Licitación electrónica” (90,3%) son as aplicacións máis habituais que están dispoñibles nos concellos galegos.


#### G.71. Concellos que teñen / usan aplicacións de servizos electrónicos para os usuarios total ou parcialmente

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

A gran maioría das aplicacións de administración dixital nas corporacións locais aumentaron a súa presenza nos últimos dous anos, sendo a “Integración na rede de oficinas 060” a que maior crecemento experimentou. De 2019 a 2021 esta aplicación creceu o 47,6%.

**G.72. Concellos que usan a aplicación de servizos electrónicos para os usuarios. 2019-2021. Evolución do indicador**

Fonte: OSIMGA

Case non se aprecian diferencias segundo o tamaño dos municipios. A “facturación electrónica”, o “perfil do contratante” ou a “licitación electrónica” son elementos comúns nos concellos galegos independentemente de seu tamaño.

**C.47 Concellos que teñen / usan aplicacións de servizos electrónicos para os usuarios totalmente segundo o estrato poboacional**

(% todos os concellos)

|                                                                                | Total | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|--------------------------------------------------------------------------------|-------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Facturación electrónica                                                        | 93,3% | 92,0%           | 95,9%        | 95,5%         | 96,4%          | 75,0%          | 100,0%          |
| Perfil do contratante electrónico                                              | 91,5% | 90,1%           | 93,6%        | 97,7%         | 85,2%          | 86,7%          | 83,3%           |
| Licitación electrónica                                                         | 90,3% | 85,7%           | 93,6%        | 95,3%         | 88,9%          | 93,8%          | 85,7%           |
| Transparencia da información da entidade (plenos, orzamentos, convenios, etc.) | 74,9% | 71,8%           | 70,7%        | 80,5%         | 81,5%          | 73,3%          | 85,7%           |
| Rexistro de contratistas electrónico                                           | 65,7% | 71,0%           | 60,0%        | 73,7%         | 52,2%          | 75,0%          | 40,0%           |
| Integración na rede de oficinas 060                                            | 46,8% | 46,8%           | 43,8%        | 41,9%         | 30,4%          | 33,3%          | 20,0%           |
| Aval electrónico (aval telemático)                                             | 15,8% | 11,4%           | 17,9%        | 24,1%         | 5,6%           | 37,5%          | 0,0%            |

Fonte: OSIMGA

**C.48 Concellos que teñen / usan aplicacións de servizos electrónicos para os usuarios totalmente segundo a provincia**

(% todos os concellos)

|                                                                                | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|--------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Facturación electrónica                                                        | <b>93,3%</b> | 94,7%    | 92,8% | 91,3%   | 94,6%      |
| Perfil do contratante electrónico                                              | <b>91,5%</b> | 94,2%    | 93,0% | 91,7%   | 86,2%      |
| Licitación electrónica                                                         | <b>90,3%</b> | 96,0%    | 81,5% | 88,4%   | 91,7%      |
| Transparencia da información da entidade (plenos, orzamentos, convenios, etc.) | <b>74,9%</b> | 79,2%    | 66,3% | 76,9%   | 73,4%      |
| Rexistro de contratistas electrónico                                           | <b>65,7%</b> | 64,4%    | 61,0% | 70,9%   | 64,0%      |
| Integración na rede de oficinas 060                                            | <b>46,8%</b> | 45,3%    | 32,1% | 47,8%   | 34,3%      |
| Aval electrónico (aval telemático)                                             | <b>15,8%</b> | 22,8%    | 18,2% | 8,8%    | 10,5%      |

Fonte: OSIMGA


De seguido detállanse as actuacións en materia de organización e xestión do cambio que faciliten a implantación da administración dixital desenvolvidas nos concellos galegos, tales como:

- ☒ Establecemento de regulamentos e normas para a administración dixital.
- ☒ Regulación das formas de representación dos cidadáns para a administración dixital.
- ☒ Establecemento dun rexistro de "funcionarios habilitados para a administración dixital".
- ☒ Plan de modernización e calidade nos servizos.
- ☒ Cumprimento da Lei de protección de datos (LOPD).
- ☒ Inventario de documentos, datos dos cidadáns e clasificación dos procedementos.
- ☒ Racionalización e simplificación de procedementos.
- ☒ Formación, divulgación e sensibilización para xestores, técnicos e traballadores.
- ☒ Servizo de asesoramento en administración dixital, TIC e modernización.

A aplicación ou servizo máis estendido nos concellos galegos é o cumprimento da Lei de protección de datos (LOPD) (73,4%).

### G.73. Concellos que teñen total ou parcialmente actuacións en organización e xestión do cambio

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA



Respecto ao servizo máis citado, o “Cumprimento da Lei de Protección de Datos (LOPD)”, o 83,3% dos concellos de máis de 50.000 habitantes teno plenamente implantado e todos os estratos de poboación superan o 56%.

#### C.49 Situación dos concellos en relación ás actuacións relativas á organización e xestión do cambio segundo o estrato poboacional

|                                                                                  |              | (% todos os concellos) |              |               |                |                |                 |
|----------------------------------------------------------------------------------|--------------|------------------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
|                                                                                  | <b>Total</b> | Menos de 2.000h        | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
| Cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd)                   | <b>73,4%</b> | 83,3%                  | 74,4%        | 69,2%         | 56,0%          | 58,3%          | 83,3%           |
| Establecemento de regulamentos e normas para a eAdministración                   | <b>40,3%</b> | 47,4%                  | 42,4%        | 36,8%         | 32,0%          | 30,8%          | 33,3%           |
| Inventario de documentos, datos dos cidadáns e clasificación dos procedementos   | <b>38,4%</b> | 36,4%                  | 53,1%        | 28,9%         | 30,0%          | 33,3%          | 60,0%           |
| Regulación das formas de representación dos cidadáns para a eAdministración      | <b>34,2%</b> | 36,0%                  | 25,0%        | 43,2%         | 34,8%          | 33,3%          | 20,0%           |
| Servizo de asesoramento en eAdministración, TIC e modernización                  | <b>24,6%</b> | 18,3%                  | 29,7%        | 35,7%         | 16,7%          | 15,4%          | 25,0%           |
| Racionalización e simplificación de procedementos                                | <b>24,2%</b> | 23,5%                  | 28,1%        | 28,6%         | 9,5%           | 33,3%          | 20,0%           |
| Establecemento dun rexistro de “funcionarios habilitados para a eAdmon”          | <b>19,8%</b> | 11,8%                  | 21,2%        | 23,5%         | 16,0%          | 36,4%          | 60,0%           |
| Formación, divulgación e sensibilización para xestores, técnicos e traballadores | <b>18,2%</b> | 16,7%                  | 20,6%        | 16,7%         | 13,6%          | 11,1%          | 75,0%           |
| Plan de modernización e calidade nos servizos                                    | <b>4,6%</b>  | 2,0%                   | 2,9%         | 5,6%          | 0,0%           | 22,2%          | 33,3%           |

Fonte: OSIMGA

**C.50 Situación dos concellos en relación ás actuacións relativas á organización e xestión do cambio segundo a provincia**

(% todos os concellos)

|                                                                                  | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|----------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPDP)                  | <b>73,4%</b> | 73,2%    | 67,0% | 85,7%   | 61,4%      |
| Establecemento de regulamentos e normas para a eAdministración                   | <b>40,3%</b> | 36,3%    | 39,2% | 46,2%   | 40,9%      |
| Inventario de documentos, datos dos cidadáns e clasificación dos procedementos   | <b>38,4%</b> | 37,5%    | 35,7% | 38,3%   | 42,7%      |
| Regulación das formas de representación dos cidadáns para a eAdministración      | <b>34,2%</b> | 34,0%    | 26,1% | 40,4%   | 34,3%      |
| Servizo de asesoramento en eAdministración, TIC e modernización                  | <b>24,6%</b> | 27,1%    | 20,8% | 24,3%   | 24,4%      |
| Racionalización e simplificación de procedementos                                | <b>24,2%</b> | 25,2%    | 25,6% | 20,6%   | 25,6%      |
| Establecemento dun rexistro de "funcionarios habilitados para a eAdmon"          | <b>19,8%</b> | 21,2%    | 23,5% | 11,6%   | 24,7%      |
| Formación, divulgación e sensibilización para xestores, técnicos e traballadores | <b>18,2%</b> | 25,2%    | 13,2% | 14,7%   | 16,2%      |
| Plan de modernización e calidade nos servizos                                    | <b>4,6%</b>  | 9,5%     | 0,0%  | 0,0%    | 6,5%       |

Fonte: OSIMGA

Para completar a análise anterior relativa ás aplicacións internas de xestión e de organización e xestión do cambio, recóllense as necesidades de mellora ou adquisición relacionados coa dixitalización que describen dende os concellos.

Na seguinte páxina amósase a gráfica que indica que as aplicacións "Formación, Divulgación e sensibilización" (28,2%) e "Racionalización e Simplificación de procedementos"(27,8%) son as máis prioritarias respecto ao 2019.

## G.74. Actuacións de mellora ou adquisición prioritarias expostas polos concellos na actualidade. Evolución do indicador



Fonte: OSIMGA


## VI.II. Aplicacións, programas e plataformas informáticas

A continuación, analizarase a situación actual dos concellos en relación ás actividades informáticas desenvolvidas e que se listan a continuación:

- ☒ Inventario informático actualizado.
- ☒ Documento de seguridade e os arquivos persoais rexistrados na AEPD.
- ☒ Plan de sistemas/plan informático.
- ☒ Plan de seguridade.
- ☒ Auditoría de Seguridade.
- ☒ Actualización periódica de contrasinais do persoal para o acceso aos sistemas informáticos.
- ☒ Encriptado de datos, documentos ou correos electrónicos .
- ☒ Realización de copia de seguridade (backup).
- ☒ Sistema de monitoreo de seguridade TIC que permite detectar actividade sospeitosa nos sistemas, diferente ao software antivirus.
- ☒ Protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto.
- ☒ Avaliación do consumo enerxético informático ou Plan para a súa redución.

A actividade informática máis común que se desenvolve nas corporacións locais é a relativa ás "Realizacións de copia de seguridade (backup)", actividade realizada polo 73,6% dos concellos galegos, seguida da "Actualización periódica de contrasinais do persoal" (55,3%).

### G.75. Actividades informáticas realizadas polos concellos na actualidade



Fonte: OSIMGA

Segundo os estratos de poboación, a totalidade dos municipios de maior poboación (máis de 50 mil habitantes) inclúen nas actividades que desenvolven a "Realización de copia de seguridade", o "Inventario informático actualizado" e un "Protocolo de seguridade TIC para o acceso remoto". Mentres tanto, nos concellos de menor tamaño esta presenza redúcese progresivamente. Aínda así, nos máis pequenos realízanse copias de seguridade no 65% dos casos e tense unha política de renovación periódica de contrasinais do persoal no 47,6%.

### C.51 Actividades informáticas realizadas polos concellos na actualidade segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

|                                                                                                                                  | <b>Total</b> | Menos de<br>2.000h | 2.001-<br>5.000h | 5.001-<br>10.000h | 10.001-<br>20.000h | 20.001-<br>50.000h | Máis de<br>50.000h |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|--------------------|------------------|-------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| Realización de copia de seguridade (backup)                                                                                      | <b>73,6%</b> | 65,0%              | 71,7%            | 76,5%             | 85,7%              | 100,0%             | 100,0%             |
| Actualización periódica de contrasinais do persoal para o acceso aos sistemas informáticos                                       | <b>55,3%</b> | 47,6%              | 58,3%            | 56,9%             | 57,1%              | 75,0%              | 85,7%              |
| Documento de seguridade e os arquivos persoais rexistrados na AEPD                                                               | <b>31,1%</b> | 25,2%              | 28,3%            | 25,5%             | 53,6%              | 43,8%              | 71,4%              |
| Inventario informático actualizado                                                                                               | <b>29,0%</b> | 19,4%              | 16,7%            | 33,3%             | 50,0%              | 75,0%              | 100,0%             |
| Protocolo de seguridade TIC para el acceso remoto                                                                                | <b>27,3%</b> | 12,6%              | 20,0%            | 31,4%             | 50,0%              | 81,3%              | 100,0%             |
| Plan de sistemas / plan informático                                                                                              | <b>17,3%</b> | 12,6%              | 15,0%            | 19,6%             | 14,3%              | 50,0%              | 42,9%              |
| Plan de seguridade                                                                                                               | <b>17,2%</b> | 11,7%              | 16,7%            | 23,5%             | 21,4%              | 25,0%              | 28,6%              |
| Sistema de monitoreo de seguridade TIC que permite detectar actividade sospeitosa nos sistemas, diferente ao software antivirus. | <b>15,9%</b> | 5,8%               | 10,0%            | 29,4%             | 21,4%              | 43,8%              | 57,1%              |
| Auditoría de Seguridade                                                                                                          | <b>14,3%</b> | 8,7%               | 16,7%            | 13,7%             | 17,9%              | 37,5%              | 14,3%              |
| Encriptado de datos, documentos ou correos electrónicos                                                                          | <b>14,0%</b> | 9,7%               | 15,0%            | 17,6%             | 21,4%              | 6,3%               | 28,6%              |
| Avaliación do consumo enerxético informático ou Plan para súa redución                                                           | <b>3,7%</b>  | 2,9%               | 1,7%             | 5,9%              | 7,1%               | 0,0%               | 14,3%              |

Fonte: OSIMGA

Por provincias, tamén destaca a “Realización de copia de seguridade” na provincia de Pontevedra (89,9%), que supera o 68% en todas as actividades informáticas analizadas.

### C.52 Actividades informáticas realizadas polos concellos na actualidade segundo a provincia

(% todos os concellos)

|                                                                                                                                  | <b>Total</b> | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|----------|-------|---------|------------|
| Realización de copia de seguridade (backup)                                                                                      | <b>73,6%</b> | 70,1%    | 70,7% | 68,5%   | 89,9%      |
| Actualización periódica de contrasinais do persoal para o acceso aos sistemas informáticos                                       | <b>55,3%</b> | 59,9%    | 57,3% | 47,1%   | 58,6%      |
| Documento de seguridade e os arquivos persoais rexistrados na AEPD                                                               | <b>31,1%</b> | 39,1%    | 30,6% | 28,7%   | 22,4%      |
| Inventario informático actualizado                                                                                               | <b>29,0%</b> | 30,6%    | 24,1% | 22,4%   | 42,0%      |
| Protocolo de seguridade TIC para el acceso remoto                                                                                | <b>27,3%</b> | 26,6%    | 26,3% | 18,9%   | 42,3%      |
| Plan de sistemas / plan informático                                                                                              | <b>17,3%</b> | 19,3%    | 17,5% | 9,9%    | 25,1%      |
| Plan de seguridade                                                                                                               | <b>17,2%</b> | 18,3%    | 15,3% | 12,5%   | 24,6%      |
| Sistema de monitoreo de seguridade TIC que permite detectar actividade sospeitosa nos sistemas, diferente ao software antivirus. | <b>15,9%</b> | 18,8%    | 7,1%  | 12,4%   | 25,7%      |
| Auditoría de Seguridade                                                                                                          | <b>14,3%</b> | 15,7%    | 9,5%  | 11,7%   | 21,1%      |
| Encriptado de datos, documentos ou correos electrónicos                                                                          | <b>14,0%</b> | 16,2%    | 11,6% | 11,2%   | 17,3%      |
| Avaliación do consumo enerxético informático ou Plan para súa redución                                                           | <b>3,7%</b>  | 1,1%     | 5,8%  | 3,7%    | 5,4%       |

Fonte: OSIMGA

## VI.III. Barreiras á Administración dixital


Este apartado detalla as problemáticas que as entidades locais perciben cara á posible mellora da administración dixital no ámbito local. Entre as opción incluídas no cuestionario, destácanse:

- ☒ Falta de recursos económicos.
- ☒ Falta de coñecemento e formación.
- ☒ Falta ou obsolescencia de equipamento.
- ☒ Falta de recursos humanos.
- ☒ Acceso a Internet.
- ☒ Falta de formación concienciada sobre a administración dixital.

No 2021, a principal problemática que sinalan os concellos é a falta de recursos, económicos no 20,3% dos casos e humanos no 13%.

### G.76. Percepción das barreiras á administración dixital. Evolución do indicador

(% todos os concellos)



Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o volume de poboación do municipio, nos concellos máis grandes cítase a falta de recursos económicos como o principal problema. Nos máis pequenos as causas son múltiples, como a falta de recursos tanto económicos, como o acceso a Internet e a falta de coñecemento e formación.

### C.53 Percepción das barreiras á administración dixital segundo o estrato poboacional

(% todos os concellos)

|                                                       | <b>Total</b> | Menos de 2.000h | 2.001-5.000h | 5.001-10.000h | 10.001-20.000h | 20.001-50.000h | Máis de 50.000h |
|-------------------------------------------------------|--------------|-----------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
| Falta de recursos económicos                          | <b>20,3%</b> | 17,5%           | 21,7%        | 27,5%         | 14,3%          | 12,5%          | 42,9%           |
| Falta de coñecemento e formación                      | <b>13,0%</b> | 11,7%           | 15,0%        | 7,8%          | 25,0%          | 6,3%           | 14,3%           |
| Falta ou obsolescencia de equipamento                 | <b>7,4%</b>  | 11,7%           | 5,0%         | 3,9%          | 0,0%           | 18,8%          | 0,0%            |
| Falta de recursos humanos                             | <b>8,3%</b>  | 4,9%            | 10,0%        | 5,9%          | 14,3%          | 12,5%          | 28,6%           |
| Acceso a Internet                                     | <b>6,8%</b>  | 11,7%           | 5,0%         | 5,9%          | 0,0%           | 0,0%           | 0,0%            |
| Falta de formación concienciada sobre eAdministración | <b>6,0%</b>  | 5,8%            | 5,0%         | 9,8%          | 7,1%           | 0,0%           | 0,0%            |
| Outras                                                | <b>2,7%</b>  | 1,9%            | 3,3%         | 3,9%          | 3,6%           | 0,0%           | 0,0%            |
| Ns/Nc                                                 | <b>35,4%</b> | 35,0%           | 35,0%        | 35,3%         | 35,7%          | 50,0%          | 14,3%           |

Fonte: OSIMGA

Nos concellos de A Coruña alegan que faltan recursos económicos (24,6%), ao igual que nos de Ourense (21,3%).


